

NOTA DE PRENSA

A Coruña impulsa a iniciativa “Pechado por eclipse” ante o eclipse total de Sol do 12 de agosto de 2026

Con motivo da eclipse total de Sol que será visible na Coruña o 12 de agosto de 2026 entre as 19:31 e as 21:22, promóvese a iniciativa **“Pechado por eclipse”**, unha proposta iniciada pola Agrupación Astronómica Coruñesa Ío que anima a concellos, empresas e entidades con servizos non esenciais a considerar a adaptación temporal dos seus horarios durante o intervalo no que terá lugar o fenómeno.



Cartaz de peche para establecementos

A proposta busca facilitar que traballadores e cidadanía poidan vivir colectivamente un acontecemento natural pouco frecuente e de grande interese científico, educativo e cultural.

Ademais de favorecer a participación cidadá na observación da eclipse, cuxo máximo alcanzase arredor das 20:28, a iniciativa tamén pretende contribuír a unha mellor organización da mobilidade urbana durante esas horas, nas que se prevé unha importante afluencia de persoas a espazos abertos e miradoiros da cidade.

Promotores e entidades colaboradoras sinalan que esta medida permitiría transformar unha tarde singular nun momento colectivo de encontro

coa ciencia, ao tempo que reforza a imaxe dunha cidade comprometida coa divulgación científica e coa cultura do coñecemento.

As institucións, empresas e organizacións interesadas poderán sumarse simbolicamente á campaña **“Pechado por eclipse”**, adoptando horarios especiais ou adaptando temporalmente a súa actividade durante o desenvolvemento do fenómeno. Dende a Agrupación Astronómica Coruñesa Ío facilítase material gráfico para axudar na comunicación, que pode descargarse de balde dende o sitio web: <https://agrupacionio.com/nueva/gl/pechado-por-eclipse/>

Contacto: formacion@agrupacionio.com